



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

COMUNICACIÓN PREVIA: CACHELA DE SAN XOÁN

DATOS DO SOLICITANTE .NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:			NIF/CIF/ou equivalente:		
REPRESENTANTE: NOME E APELIDOS:			NIF ou equivalente:		
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:					
LOCALIDADE:		PROVINCIA:		PAÍS:	C. POSTAL:
TFNO.FIXO:	TFNO.MÓBIL:	FAX:		CORREO ELECTRÓNICO:	

2	TIPO DE ACTUACIÓN
<input type="checkbox"/> Cachela de San Xoán	
<p>Que aceptando as norma ditadas pola Alcaldía e co gallo da celebración da festividade de San Xoán, ten prevista a realización dunha fogueira no predio particular sito no enderezo que se detalla na noite do 23/06/2020:</p> <p>Consultar ao dorso os condicionamentos a cumprir na realización da fogueira</p>	

3	DATOS DA CACHELA		
SITUACIÓN (DESCRICIÓN DA UBICACIÓN DA CACHELA DENTRO DA PARCELA, plano catastral...):			
ENDEREZO (Lugar/rúa/parroquia)		LUGAR Referencia catastral:	NÚMERO(pto km.):
RESPONSABLE DA FOGUEIRA, NOME E APELIDOS:			
TELÉFONO MÓBIL:	TELÉFONO FIXO:	CORREO ELECTRÓNICO:	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:			
NUMERO PARTICIPANTES ESTIMADO:		HORARIO:	

4. OUTRA DOCUMENTACIÓN:



5. COMUNICACIÓN PREVIA:

O/A ABAIXO ASINANTE **DECLARA**, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, QUE SON CERTOS OS DATOS QUE FIGURAN NO PRESENTE DOCUMENTO, QUE POSÚE A DOCUMENTACIÓN QUE ASÍ O ACREDITA, E **COMUNICA**:

Que se cumprirán todas as medidas de seguridade que se detallan pola Policía Local da Laracha e que a continuación se enumeran:

1. Deberase cumprir cas normas establecidas no Real Decreto - Lei 21/2020, de 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención e coordinación para facer fronte a crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e coas normas que a Xunta de Galicia poda ditar o respecto. **EN NINGÚN CASO SE PODEN REALIZAR NAS VÍAS E LUGARES PÚBLICOS.**
Así mesmo se dará cumprimento ás limitacións de aforo de reunións que poidan establecerse na normativa e recomendacións de seguridade e distanciamento social disposta polas autoridades como consecuencia da crise sanitaria da Covid-19.
2. A policía local de A Laracha ou calquera outra autoridade poderán suspender calquera fogueira no caso de detectar riscos.
3. A altura máxima da fogueira será de dous metros e o seu diámetro máximo de 4 metros.
4. Ditos materiais combustibles serán sólidos, prohibíndose calquera tipo de materiais explosivos, pirotécnicos ou líquidos inflamables. Igualmente prohibese tamén a utilización de materiais que podan producir grandes columnas de fumo (pneumáticos, aceites, téxtiles, etc) o gases especialmente tóxicos o corrosivos (plásticos en xeral, PVC, aparatos eléctricos, etc).
5. Deberán de manter unha distancia de seguridade suficiente para que non se propague o lume nin afecte o calor radiante a materiais de plástico, cristaleiras, edificios, vexetais, tubarias de gas, cables eléctricos, vehículos u outros elementos que poidan arder ou ser afectados polo calor radiante ou o fume.
6. Dependendo da magnitude do lume, deberán de dispor dun medio de extinción suficiente tal como arena, terra, cubo de auga, manguera, etc; debendo quedar a fogueira totalmente apagada cando se abandone o lugar da queima.
7. Queda prohibido, así mesmo, realizar a fogueira sobre o pavimento urbanizado, ben sexa asfalto, pedra ou firme embaldosado.
8. Controlar e supervisar por un adulto a queima destas fogueiras, non deixando a menores no lugar.
9. Nunca permitir aos menores de idade que adquiran elementos susceptibles de prender lume (chisqueiros, fósforos, etc.) así como produtos pirotécnicos (petardos, tracas, voadores, bombiñas, fogos chinos, etc.)
10. **En caso de socorro**, os teléfonos de emerxencia son:
Servizo de Emerxencia da Xunta de Galicia: 112
Servizo de Emerxencias Protección Civil: 686995478
Concello de A Laracha Policía Local: 686995477
Previamente ao seu inicio, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos cinco metros de largo, rodeando o perímetro que se vai queimar.
11. Non poderá iniciarse ningunha queima cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Así mesmo, se iniciados os traballos se producise a aparición de vento, suspenderase inmediatamente a operación procedendo a apagar o lume.
12. Non se abandonará a vixilancia da zona queimada, ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.
13. O Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais poderá suspender temporalmente as comunicacións, se as condicións meteorolóxicas así o aconsellan.
14. A comunicación de fogueira non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos e perdas a que houbera lugar no caso de producirse un incendio forestal polo uso do lume cando conorra negligencia ou imprudencia.
15. En toda fogueira deberase contar co persoal e co material suficiente para o seu debido control. Dado o elevado risco que supoñen este tipo de fogueiras para a seguridade e saúde do persoal que as leva a cabo, en ningún caso se poderán realizar individualmente, mesmo no caso de que a súa extensión sexa pequena e en principio se considere que o risco é mínimo.

Asinado: _____



CONSELLOS BÁSICOS EN CASO DE QUEIMADURAS

1. *Afastar a vítima da fonte de calor.*
2. *En caso de ter a roupa queimada non retirarlle.*
3. *Se a roupa da vítima está en chamas intentarase apagar cubríndoa cunha manta ou facéndoa rodar polo chan, preferentemente por zona areosa.*
4. *Enfrear a zona afectada con auga.*
5. *Alertar os servizos de emerxencia en caso de queimaduras importantes.*
6. *Non usar pomadas, non romper bochas, non utilizar xeo nin auga xeada para enfrear la queimadura e non cubrir con apósitos adhesivos nin algodón.*
7. *E recomendable que toda queimadura reciba atención médica.*

(NOTA INFORMATIVA: O apartado 4 do artigo 69. bis da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, dispón que “A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento no que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

A Laracha, a de xuño do 2020.

Asdo.:

De acordo á L.O.P.D., o Concello de A Laracha infórmalle que os seus datos persoais serán incorporados aos nosos ficheiros automatizados ou non coa finalidade de utilizalos para a xestión dos procedementos administrativos e consultas e que son necesarios para atender correctamente a súa solicitude. Os seus datos poderán ser comunicados aos distintos departamentos en que se organiza o Concello e a Administración e Organismos obrigados pola normativa correspondente. Para o correcto funcionamento das funcións propias do Concello e en cumprimento da LSSI, informámoslle que poderá recibir información a través de medios electrónicos e/ou postal. Vostede poderá usar os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición mediante un escrito achegando unha copia do D.N.I. que deberá presentar no Rexistro – Concello de A Laracha. No caso de producirse algunha modificación dos seus datos, rogamos nolo comunique coa finalidade de manter os seus datos actualizados.